

Somos unha plataforma educativa constituída por docentes feministas. A nosa finalidade é a difusión e a reivindicación da COEDUCACIÓN como principal instrumento de transformación social para lograr unha sociedade máis xusta.

Ante a nosa preocupación respecto da entrada da ideoloxía da identidade de xénero nas aulas desde 2014 - coincidente coas aprobacións dos protocolos trans educativos autonómicos - e tras realizar un [Congreso Internacional](#) de tres días que recolleu tres relatorios e máis de corenta testemuños sobre o seu impacto negativo na comunidade educativa e, por extensión, na sociedade, **RECLAMAMOS**:

1. O desenvolvemento e fomento da coeducación auténtica, libre de manipulación e propaganda transxenerista. [A ideoloxía da identidade de xénero](#) terxiversou e substituíu os obxectivos e estratexias da coeducación que, lembramos, son:

- Garantir unha educación libre de androcentrismo e machismo para nenas e nenos.
- Formar a mozas e mozos en relacións xustas, baseadas na igualdade e o respecto.
- Erradicar actitudes e valores que sustentan a violencia contra nenas e mulleres.

2. A retirada das guías educativas “trans” realizadas polas propias Consellerías de Educación e dos materiais dos sindicatos educativos e as asociacións transactivistas xa que:

- **Negan** que [o sexo biolóxico é unha realidade](#) que nos define en termos de [mulleres e homes](#), e confunden ao alumnado ao mesturar e terxiversar os conceptos de sexo e xénero.
- **Negan** e censuran [a especificidade do corpo das mulleres](#) e os seus ciclos biolóxicos.
- **Reforzan** e perpetúan os [estereotipos daniños](#) machistas e sexistas.
- **Inclúen** contidos pornográficos inadecuados para a súa idade e normalizan a pornografía e a prostitución. Véxase a [análise do Front Abolicionista](#) da Guía d'Educación Sexual "Els nostres cossos, els nostres drets" da Generalitat Valenciana.

3. O dereito do profesorado de obxectar á súa [nova función: detectar ao alumnado “trans”](#) baseándose na súa roupa ou personalidade, e que aparece [normalizada en contos](#) e outros materiais transactivistas.

4. A posta en coñecemento das familias e/ou persoas responsables do perigo que supoñen os obradoiros de transactivistas e sobre a importancia de non asumir ideas infundadas - como a de “nacer en corpos equivocados” -, que poden conlevar consecuencias irreversibles para o futuro desenvolvemento físico e mental das súas criaturas.

5. A protección do profesorado crítico coas leis de identidade de xénero ante os [réximes sancionadores](#) da normativa que reforza a ideoloxía da identidade de xénero. [O profesorado non debe ser censurado, sancionado ou acosado](#) no exercicio responsable da súa profesión, nin **coaccionado** na elección dos seus recursos didácticos. Moito menos, **perder o seu posto de traballo**.

6. A retirada dos materiais que fomentan a ideoloxía da identidade de xénero e a recuperación do rigor da coeducación por parte dos [centros de formación permanente do profesorado, as universidades, os sindicatos educativos](#) e demais organismos competentes en formar ás e os docentes.

7. O respecto aos espazos de aseo e vestiarios segregados por sexos nos centros escolares e deportivos. Existe un risco evidente de [abusos e a ameaza á dignidade das nenas](#), especialmente vulnerables na puberdade e adolescencia, cando o seu corpo cambia e iníciase o período da menstruación.

8. O respecto e a protección do deporte feminino mantendo as competicións segregadas por sexos. [Os mozos teñen unha maior vantaxe competitiva](#) dun 30% debido á súa maior densidade ósea, capacidade pulmonar, masa muscular, tamaño e altura media; esta vantaxe non desaparece nunca, nin sequera tras anos de hormonación cruzada.

9. A protección das familias críticas coa ideoloxía da identidade de xénero, impedindo que se abran [protocolos de abuso](#) - segundo a normativa transxenerista - cando se opoñen a tratar á súa filla ou fillo como transxénero.

10. Por todo o exposto, RECLAMAMOS a DERROGACIÓN dos 14 protocolos educativos “trans” autonómicos e a saída da ideoloxía da identidade de xénero das aulas por ser antifeminista, homófoba, contraria ao progreso e á ciencia e daniña para a infancia e a adolescencia.

Por último, **LEMBRAMOS** ás administracións e institucións educativas, aos sindicatos do profesorado e aos partidos políticos o seu **DEBER de protexer os dereitos das mulleres e das nenas** nos seus posicionamentos, comunicados e manifestacións, seguindo o establecido polas **leis e convenios VINCULANTES** seguintes:

- Lei de 2007 de igualdade efectiva para mulleres e homes art. 23, 24 e 25.
- Lei Orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a Violencia de Xénero, apartado específico de coeducación art. do 4 ao 9.
- Convenios de Beijing, Istambul e Cedaw.
- Leis educativas autonómicas e estatais, que recollen como elemento transversal igualdade de oportunidades e trato entre mozas e mozos.